

Decreto 247/1991, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas de xestión dos tributos creados pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo.

(DOG núm. 139, do 22 de xullo de 1991)

Sumario

CAPÍTULO PRIMEIRO: IMPOSTO SOBRE O XOGO DO BINGO.

Artigo 1.

Artigo 2.

Artigo 3.

CAPÍTULO II: RECARGA SOBRE A TAXA FISCAL QUE GRAVA OS XOGOS DE SORTE, ENVITE OU AZAR, RIFAS, TÓMBOLAS, APOSTAS E COMBINACIÓNS ALEATORIAS.

Artigo 4.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.

Primeira.

Segunda.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.



De conformidade co establecido na disposición derradeira primeira da Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo, por proposta do conselleiro de economía e facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de xullo de 1991,

DISPOÑO:

CAPÍTULO PRIMEIRO **Imposto sobre o xogo do bingo**

Artigo 1. Autoliquidación¹

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte están obrigados a autoliquidar o imposto, determinando a débeda tributaria correspondente e a ingresar o seu importe, ante a xefatura territorial da administración tributaria que corresponda ao lugar onde se encontre instalada a sala de xogo, nos prazos, forma e mediante os modelos que determine a consellería competente en materia de facenda. Igualmente, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar as declaracións que determine por orde a consellería competente en materia de facenda.
2. A consellería de facenda poderá dispoñer mediante orde que os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte efectúen as declaracións e autoliquidacións do imposto que sexan exixibles, mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da presentación delas e os pagamentos correspondentes mediante medios telemáticos.

Artigo 2²

.1.-A administración tributaria procederá ao suministro ou validación dos cartóns para o xogo de bingo do xeito que determine a consellería competente en materia de facenda mediante orde. Nesta orde especificaranse as características, formato e soporte dos cartóns e as formalidades e as debidas esixencias de control e seguridade, así como a

¹ Modificado polo Decreto 112/2012, do 20 de abril, polo que se aproban determinadas modificacións en materia tributaria e de prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

² Modificado polo Decreto 112/2012, do 20 de abril, polo que se aproban determinadas modificacións en materia tributaria e de prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

forma e o momento do seu suministro ou validación en referencia ao pagamento do imposto.

2.- A administración tributaria expedirá unha guía como xustificante da tenza e destino dos cartóns que se axustará ao modelo que aprobe a orde da consellería competente en materia de facenda.”

Artigo 3.

1. O suxeito pasivo substituto do contribuínte poderá solicitar a devolución do imposto ingresado cando non sexa posible a realización do xogo do bingo.

2. En particular entenderase que a dita circunstancia se producirá nos seguintes casos:

- a) Suspensión temporal ou perda definitiva da autorización.
- b) Cesamento voluntario no exercicio da actividade.
- c) Canxe de cartóns por outros de valor superior ou inferior.

2.1. No primeiro suposto deberase acompañar á solicitude de devolución certificación de la Consellería da Presidencia e Administración Pública do acordo de suspensión temporal ou perda definitiva da autorización e xustificación da inutilización dos correspondentes cartóns.

2.2. No caso de cesamento voluntario da actividade acompañarase certificación da Consellería da Presidencia e Administración Pública da baixa do Rexistro de empresas do xogo do bingo e xustificación suficiente da entrega dos cartóns correspondentes na delegación da Consellería de Economía e Facenda.

2.3. No terceiro suposto acompañarase á solicitude de devolución xustificación de ter solicitado e obtido o cambio dos cartóns. Así mesmo acompañarase copia da declaración-liquidación que corresponda ós novos cartóns que se subministren como consecuencia do canxe autorizado.

3. Naqueles outros supostos distintos dos contemplados anteriormente á solicitude de devolución acompañarase certificación da Consellería da Presidencia e Administración

Pública expresiva das circunstancias que determinaron a non realización do xogo do bingo.

4. Para a tramitación do oportuno expediente de devolución do imposto rexerá o disposto na normativa reguladora da devolución de ingresos indebidos.

CAPÍTULO II

Recarga sobre a taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias

Artigo 4.

1. A recarga sobre a taxa fiscal que grava os xogos en casinos ingresárase mediante declaración-liquidación, dentro dos primeiros vinte días naturais do mes seguinte ó vencemento de cada trimestre natural, ben directamente na Caixa da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda que corresponda ó lugar onde estea instalado o casino de xogo, ben a través de entidades colaboradoras.

2. A recarga sobre a taxa fiscal que grava as rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias será obxecto de liquidación por parte do Servizo de Xestión Tributaria competente por razón do territorio, logo de solicitude do suxeito pasivo, referida tanto á taxa fiscal como á recarga, que deberá presentar no prazo de trinta días naturais contados a partir da data do devengo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, ó día seguinte da publicación do presente decreto procederán a practicar declaración-liquidación polo imposto sobre o xogo do bingo e a ingresar o seu importe na caixa da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda competente por razón do territorio, comprensiva dos cartóns sen utilizar existentes na sala de xogo segundo o modelo que regulamentariamente se determine.

Segunda.

No caso de falta de presentación da citada declaración-liquidación a Administración xirará de oficio a oportuna liquidación do imposto seguindo os datos correspondentes á derradeira subministración de cartóns efectuada ó suxeito pasivo, sen prexuízo das correspondentes comprobacións inspectoras.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Autorízase ó conselleiro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación do presente decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».